


8P

V FESTIVAL
DE ÓRGANO

és

19-22
NOV



a clásica

a clásica



8pés

V Edición do Festival de órgano de Vigo
19-22 de novembro de 2025
Concatedral de Santa María de Vigo

Director: Manuel Martínez Torres
Vicedirector artístico: Daniel Sanmartín Nieto
Maquetación: Jesús Andrés Tejada
Deseño: Carmen Cremades Romero
Comunicación: Samuel Merino
Revisión lingüística: Silvia Penas Estévez

Organiza:
Orquesta Clásica de Vigo

Colaboran:
Xunta de Galicia
Deputación de Pontevedra

En coproducción con:
INAEM-CNDM

Espazo Divulgación:
Camões – Centro Cultural Português em Vigo

Partner Ioxístico:
Welgood

Media Partner:
Melómano, A Movida

DL: VG 540-2025

UN LUSTRO

O 8pés, o festival de órgano de Vigo, volve neste mes de novembro para celebrar a súa V edición cunha proposta consolidada que aposta pola excelencia. Catro días de música que concentrará as grandes figuras deste instrumento na nosa cidade para celebrar algo moi pequeno e marabilloso: en Vigo temos un órgano Alberdi de 1909.

Por este motivo queremos, ante todo, darche a benvinda un ano máis e sobre todo as grazas por apostar por este proxecto tan singular. Grazas a ti somos quen de seguir, alimentar a ilusión e as enerxías e sacar forzas para chamar ás portas das grandes figuras do panorama organístico. Queremos sorprenderte un ano máis e deixarte sen palabras para compartir contigo a paixón e o amor pola música.

Como xa sabes, este festival naceu para dar a coñecer un instrumento polo que sentimos verdadeira fascinación e que estaba esquecido. Queríamos poñer en valor esta xoia dos vigueses e viguesas, contribuíndo ano a ano ao seu mantemento, pero sen deixar nunca de lado a súa función fónica para crear así un centro de excelencia artística.

Un órgano é unha desas excepcionalidades nas que se encontran a historia, a música, o patrimonio, a memoria, a liturxia, o misterio, a grandiosidade, a modernidade... Conceptos que funcionan como un *continuum* e non se entenden por separado. Ser capaces de transmitir entre o público esta grandeza e contundencia contida nun instrumento tan camuflado nese espazo secundario do coro e celebrar a súa mera existencia e funcionamento. Unha máxima que compartimos e mantemos dende a primeira edición.

O órgano Alberdi de Vigo (1909) esperta cada ano no 8pés. Imponse na programación con contundencia e solemnidade, sorprendendo con esa cantidade inmensa de sons e decibele que van dende o máis delicado ao máis atronador. Roxe facendo tremar as pedras ata os alicerces da man dos mellores artistas do panorama estatal e internacional.

En 2025 o cartel non pode ser máis ambicioso e sorprendente: Comezaremos con Diego Innocenzi, artista arxentino e organista titular do Vitoria Hall, así como dos templos de Vandœuvre e de Saint-Gervais en Xenebra (Suíza), que viaxa a Galicia por primeira vez; Óscar Candendo, profesor da especialidade de órgano na Escola Superior de Música de Catalunya (Barcelona) e organista da S. I. do Bo Pastor, en San Sebastián; Olivier Latry, organista titular da Catedral de Notre Dame de París (Francia); remataremos con Enrique Martín-Laguna, organista titular da Catedral de Xetafe que xa foi parte do cartel no ano 2023 e que regresa nesta edición para confrontarse coa Orquestra Clásica de Vigo como solista no concerto de clausura.

Nesta historia fomos quen de congrega a grandes audiencias na Concatedral de Vigo, presentado unha proposta inédita ata o momento coa singularidade engadida de que o órgano non paraba de soar nesa, sempre, semana de Santa Cecilia. A nosa patroa.


Como non, dámoslles á benvinda a este proxecto á Xunta de Galicia e ao Centro Nacional de Difusión Musical (CDNM-INAEM), que se suman nesta edición á Deputación de Pontevedra, á Diocese, á Concatedral e ao seu párroco, a Welgood, Melómano e A Movida. Entidades que reman a favor para que sexa posible que este instrumento siga soando para chegar a ti con honestidade e a mellor música. Porque o compromiso ten que ser mutuo.

Un ano máis, dende a Orquestra Clásica de Vigo, sentimos a gratitude e a responsabilidade, e por que non, a impresión ante o camiño percorrido nestes cinco anos, na semana dedicada ao órgano de Vigo.

Porque, como repetimos cada ano, en Vigo temos un órgano.

E, xa sabes, é o mellor que temos.

MANUEL MARTÍNEZ TORRES
Director do festival



Concertos

Concatedral de Vigo | 21.00 h

19.11> DIEGO INNOCENZI

20.11> ÓSCAR CANDENDO

21.11> OLIVIER LATRY

22.11> ENRIQUE MARTÍN-LAGUNA

+ Orquesta Clásica de Vigo

Visitas

M 19, X 20, V 21, S 22 | 17.00 e 17.30 h

O ÓRGANO ALBERDI DA CONCATEDRAL

Presentación e visitas guiadas ao órgano da Concatedral de Vigo co musicólogo Daniel Sanmartín

Conferencia

S 22 de novembro ás 12:30 h

CAMÕES - CENTRO CULTURAL PORTUGUÊS EM VIGO

A ORGANERÍA GALEGA NA CIDADE DE BRAGA

Conferencia da man do Prof. José Rodrigues, director do Festival de órgano de Braga



Reserva de entradas en Enterticket e donativos para facer viable o festival:
www.enterticket.es

COLABORA CO TEU DONATIVO Á CONTINUIDADE DO 8PÉS

O 8pés é un festival único en Galicia que ten lugar nun espazo de culto onde non se cobra entrada, feito que nos obriga a apelar á túa contribución para seguir medrando. Traballamos para converternos nun referente peninsular con recursos limitados polo que chamamos a vosa porta: sodes unha peza fundamental do festival.

Nas catro edicións precedentes, o festival presentou aos artistas máis importantes do panorama musical estatal, como son Arturo Barba (Palau de les Arts), Loreto Aramendi (Santa María do Coro, Donostia), Fernando Álvarez (Basílica de Covadonga, Asturias), Alize Mendizábal (Santa María do Coro, Donostia), Juan de la Rubia (Sagrada Familia, Barcelona), Daniel Oyarzábal (Auditorio Nacional, Madrid), Roberto Fresco (Catedral da Almudena, Madrid), Enrique Martín-Laguna (Catedral de Xetafe, Madrid), Carlos Fernández Bollo (Catedral de León), Montserrat Torrent (Premio Nacional de Música 2021), Miriam Cepeda (Begoña, Bilbao) e Alberto Pavoni (Conservatorio Santa Cecilia, Roma).

En 2024, o festival superou os 1.200 asistentes que compartiron o obxectivo de dar a coñecer o único órgano funcional da cidade de Vigo, manter un instrumento de máis de 100 anos en óptimas condicións e xerar unha audiencia crítica e estable. De feito tivemos que alugar cadeiras para dar resposta á vosa vontade nos concertos de maior demanda.

Neste 2025 o cartel non pode ser máis ambicioso e por iso queremos apelar novamente á túa responsabilidade e compromiso co festival. Queremos seguir ofrecéndote os mellores concertos na cidade de Vigo e xa pensamos na edición do 2026. Contamos contigo.

Grazas por contribuir a que o 8pés sexa posible.

O SON REENCONTRADO

Na súa quinta edición, o festival 8pés propón un regreso ás orixes: o reencontro do órgano da Concatedral de Santa María coa voz para a que foi concibido. Despois de catro anos de exploración polos máis diversos estilos e escolas, esta edición volve ao punto onde todo comezou: a lingua sonora do Romanticismo francés. O instrumento construído por Lope Alberdi en 1909, herdeiro directo da tradición de Aquilino Amezua —quen foi o principal responsable da introdución en España de moitos dos principios técnicos da organería francesa—, é fillo dunha concepción estética que buscaba a plenitude orquestral e a expresividade dinámica requiridas polo ideal romántico, que acada o seu esplendor nos instrumentos do célebre organeiro Aristide Cavaillé-Coll. O órgano de Vigo fala, polo tanto, con acento francés, e esta edición do festival quere facelo soar no seu idioma natural.

O repertorio francés do século XIX non é só un compañeiro estético indisolublemente ligado ao noso órgano: é o espello no que o instrumento se recoñece plenamente. Francia foi, naquela centuria, o laboratorio onde o órgano ao servizo da liturxia se expandiu ao máximo das súas posibilidades artísticas. Xunto aos grandes monumentos sinfónicos de autores como Franck ou Widor, xorde tamén unha inmensa literatura de pezas breves —*offertoires, élévations, communions, sorties*, etc.— destinadas a acompañar os diferentes ritos da misa. Obras sinxelas e funcionais, mais cheas dunha fonda musicalidade, que revelan o valor artístico do órgano mesmo no seu uso máis cotián.

Neste sentido, as características construtivas, o equilibrio sonoro e a presenza de rexistros que evocan en maneira estilizada a paleta orquestral —fagot e óboe, trompeta, voz humana, viola da gamba...— son os elementos que revelan unha filiación directa coa organería do outro lado dos Pireneos. Ademais, a súa caixa expresiva

(dispositivo que permite a gradación dinámica do segundo teclado) e o secreto de válvulas cónicas (mecanismo que controla o pase do vento aos tubos de forma selectiva) privilexian unha agóxica flexible e un fraseo musical que canta e dialoga en comunión coas características acústicas do espazo arquitectónico.

Non é casual a atención dedicada nesta edición do festival á obra de César Franck, quen pode considerarse o auténtico patriarca da escola organística romántica francesa. Nos seus corais, compostos en 1890, o mestre sintetizou toda a tradición anterior e marcou o rumbo que seguirían Widor, Guilmant, Vierne ou Dupré: unha liña que combina o rigor da polifonía coa liberdade melódica e a intensidade expresiva propias do Romanticismo.

O programa de Diego Innocenzi evoca, desde o seu mesmo título, precisamente este contexto: o intérprete combina páxinas de Franck, Lefébure-Wély, Batiste e outros célebres autores, nas que se reflicte o espírito litúrxico e poético da Francia do Segundo Imperio, cando o órgano se converteu no instrumento por excelencia da devoción e da fantasía sonora.

Pola súa parte, Óscar Candendo establece unha ponte entre o universo francés e o alemán: xunto ao *Coral n.º 1* de Franck e ás *Pièces de fantaisie* de Vierne, ofrece tamén a *Sonata op. 65 n.º 3* do alemán Felix Mendelssohn, lembrando que o diálogo entre ambas tradicións ao longo do século foi esencial para a evolución do repertorio europeo e influíu notablemente a escola española moderna.

Olivier Latry, organista titular da Catedral de Notre-Dame de París, representa na súa presenza a continuidade viva desta escola. O seu programa reúne obras de Guilmant, Ropartz, Gigout, Vierne, Pierné, Widor e, novamente, do propio Franck, nun percorrido que amosa a evolución do estilo francés desde o lirismo romántico ata a plenitude sinfónica. A súa improvisación final será o testemuño de que esa tradición segue sendo, máis ca un legado, unha linguaxe en constante innovación.

Finalmente, Enrique Martín-Laguna pecha o festival unindo distintas latitudes: Bach e o compositor checo contemporáneo Petr Eben abren o programa cunha mirada europea ampla, mentres as pezas de Vierne e o *Concerto para órgano, cordas e timbais, op. 36* de Francis Poulenc celebran o vínculo entre o órgano Alberdi e o seu substrato francés, mesturando a tradición devota do instrumento co espírito moderno do século XX.

Interpretar estas obras no noso órgano significa facelas soar no seu elemento natural. Cada rexistro recupera o sentido estético para o que foi creado: as lingüetas que proxectan o heroísmo, a voz celeste que murmura a tenrura, o *tutti* equilibrado que dá corpo á monumental arquitectura sonora. Dalgún xeito, o espazo acústico da Colexiata, coa súa reverberación ampla, converte o instrumento nun tradutor perfecto entre a tradición gala e a sensibilidade galega, facendo do órgano un lugar de encontro entre dúas maneiras de entender a arte e o sagrado.

Esta edición de 8pés non é só un tributo a un estilo, senón unha reivindicación do propio instrumento: o órgano de Alberdi, restaurado e redescuberto, amosa que tamén na súa aparente modestia latexa non só a grandeza da escola francesa, senón tamén a rica adquisición que dela se fixo no noso país. Nas mans dos intérpretes convidados, Vigo volverá escoitar o alento para o que foi creado o seu órgano: un son reencontrado, que une dúas nacións e dous séculos de historia nun mesmo sopro.

DANIEL SANMARTÍN NIETO
Musicólogo

O ÓRGANO

LOPE ALBERDI


1909

REFORMADO EN

1980_{ca.}

REFORMADO EN

2017



2 teclados manuais de 56 notas

1 pedaleiro de 30 notas

Transmisión eléctrica de notas e rexistros,
con combinador electrónico

25 rexistros

1042 tubos

Disposición fónica

PEDAL

1 Subbajo 16'

2 Contras 8'

3 Flauta Tapada 8'

4 Flauta 4'

5 Tenor 4'

6 Fagot 16'

7 Trompeta 8'

I ÓRGANO MAIOR

8 Flautado Violón 16'

9 Flautado Principal 8'

10 Flauta Armónica 8'

11 1 Violón 8'

12 Octava 4'

13 Flauta Dulce 4'

14 Quincena 2'

15 Lleno III 1-1/3'

16 Trompeta Real 8'

II RECITATIVO EXPRESIVO

17 Bordón 8'

18 Viola de Gamba 8'

19 Voz Celeste 8'

20 Principal 4'

21 Octava 4'

22 Ocarina 4'

23 Nasardos 2-2/3'

24 Fagot y Oboe 8'

25 Voz Humana 8'

26 Trémolo

ACOPLAMENTOS

27 I-Pedal

28 II-Pedal 8'

29 II-Pedal 4'

30 I-I 16'

31 I-I 4'

32 II-I 16'

33 II-I 8'

34 II-I 4'

*** Imaxe cortesía do Museo Virtual del Órgano ***

19.11.2025 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.^a DE VIGO

DIEGO INNOCENZI

Diego Innocenzi é organista titular do Victoria Hall e dos templos de Vandœuvres e de Saint-Gervais, en Xenebra. Ademais, imparte clases de órgano no Conservatorio de Música de Xenebra. Nado na Arxentina en 1971, Diego Innocenzi iniciou os seus estudos musicais en Bos Aires, onde obtivo o título de piano e foi organista titular do órgano Cavaillé-Coll da catedral de San Isidro, a súa cidade natal.

Proseguiu a súa formación no Conservatorio de Música de Xenebra, na clase de Lionel Rogg, onde obtivo o Primeiro Premio de virtuosismo en 1999, e máis tarde en París, con Marie-Claire Alain. Posteriormente ingresou na clase de dirección coral de Michel Corboz no Conservatorio de Música de Xenebra, onde obtivo o Diploma de director de coro en 2003.

Dende hai moitos anos, Diego Innocenzi investiga sobre a interpretación histórica da música sacra e do repertorio organístico dos séculos XIX e XX, o que o levou a ofrecer conferencias e clases maxistras en Europa e nos Estados Unidos. Estas investigacións deron lugar a varios rexistros discográficos —na súa maioría de obras inéditas— para o selo Aeolus: a integral da obra para órgano e dos motetes de César Franck en dous volumes, en colaboración con Les Solistes de Lyon-Bernard Tétu; un dobre álbum con obras inéditas para órgano de Édouard Batiste; e música de cámara con órgano de Théodore Dubois.

Co obxectivo de renovar a forma dos concertos de órgano e música sacra, organizou o Festival d'automne en Vandœuvres (2002–2010), dedicado á música de cámara con órgano; ciclos de oficios corais e cantatas; maratóns de órgano durante as Festas da Música de Xenebra; un Festival de Salmos no marco de Calvin'09; e espectáculos que combinan danza contemporánea, videoproxección e órgano. Diego Innocenzi actuou por todo o mundo —en Europa, nos Estados Unidos, en América Latina e en Rusia— e é actualmente o director artístico do Festival d'Orgue de Chamonix.

PROGRAMA

L'organiste moderne

Músicos parisinos do século XIX

Ambroise Thomas (1811-1896)

Marche solennelle d'Hamlet (1888)

Transcripción para órgano de Édouard Batiste

Édouard Batiste (1820-1876)

Communion, op. 29

Offertoire, op. 28

Communion, op. 28

Camille Saint-Saëns (1835-1921)

Improvisation, op. 150 n.º 7

Renaud de Vilbac (1829-1884)

Adoration des bergers: pastorales

César Franck (1822-1890)

Offertoire en mi bemol maior

Andantino en la bemol maior

Louis James Alfred Lefébure-Wély (1817-1869)

Marche en dó maior


Élévation ou Communion

Édouard Batiste (1820-1876)

Grand Offertoire

Composto sobre un tema da *Sonata para violín e piano*, op. 47 de Ludwig van Beethoven

Concerto en coprodución con:



20.11.2025 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.^a DE VIGO

ÓSCAR CANDENDO

Profesor da especialidade de órgano na Escola Superior de Música de Catalunya (Barcelona) desde a súa fundación en 2001. Organista da S. I. do Bo Pastor, en San Sebastián. Doutor en Musicoloxía pola Universidade de Valladolid. Profesor superior nas especialidades de órgano, piano, cravo e música de cámara. Realizou estudos de órgano en Toulouse (Centre d'études supérieures de musique et de danse, cos profesores Michel Bouvard e Jan W. Jansen), en Barcelona (coa profesora Montserrat Torrent) e en Stuttgart (Hochschule für Musik und Darstellende Kunst, co profesor Bernhard Haas). Obtivo os primeiros premios no Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España (1992) e no Curso Universitario Internacional «Música en Compostela» (1993).

Recibiu o Premio de Investigación Musical Orfeón Donostiarra-Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea (2021) por un traballo sobre o compositor alavés de música relixiosa Vicente Goicoechea Errasti (1854-1916). É coordinador de Anthologia Sacra, colección da obra do devandito Vicente Goicoechea publicada por Ficta edicions i produccions. Participou como intérprete en diversos festivais europeos.

PROGRAMA

Felix Mendelssohn (1809-1847)

Sonata, op. 65 n.º 3

—Con moto maestoso

—Andante tranquillo

César Franck (1822-1890)

Coral n.º 1 en mi maior

Alberto Garaizábal (1875-1947)

Meditación

Louis Vierne (1870-1937)

Pièces de fantaisie

—Prélude, op. 51 n.º 1

—Impromptu, op. 54 n.º 2

—Clair de lune, op. 53 n.º 5

—Carillon de Westminster, op. 54 n.º 6

21.11.2025 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.^a DE VIGO

OLIVIER LATRY

Recoñecido como o principal embaixador do seu instrumento, o organista francés Olivier Latry actuou nos escenarios máis prestixiosos do mundo, foi convidado das orquestras máis destacadas baixo a dirección de reputados mestres, gravou para os selos máis importantes e estrea habitualmente un número impresionante de obras. Nomeado organista titular de Notre-Dame de París aos 23 anos e Organista Emérito da Orchestre National de Montréal desde 2012, Olivier Latry é un músico completo, reflexivo e aventureiro, que explora todos os ámbitos posibles da música para órgano e posúe un talento excepcional para a improvisación.

Olivier Latry actúa regularmente en salas como a Filharmonía de Berlín, a Filharmonía de París, o Walt Disney Hall de Los Ángeles, o Davies Hall de San Francisco, o Concertgebouw de Ámsterdam, a Elbphilharmonie de Hamburgo, a Alte Oper de Frankfurt, o Konzerthaus de Dortmund, o Verizon Hall de Filadelfia, o Gewandhaus de Leipzig, o Musikverein e o Konzerthaus de Viena, a Tonhalle de Zúric, o MUPA de Budapest, o Royal Festival Hall e o Royal Albert Hall de Londres, o KKL de Lucerna, o Suntory Hall de Toquio, o Lotte Hall de Seúl, o Musiikkitalo de Helsinqui, o de Doelen de Róterdam e o Bridgewater Hall de Manchester.

Como solista, colaborou con orquestras como a Filharmonía de Berlín, a Orquestra de Filadelfia, a Filharmonía de Los Ángeles, a Sinfónica de Boston, a Sinfónica de San Francisco, a Sinfónica NHK, a Orquestra Sinfónica Metropolitana de Toquio, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica de Montréal, a Orquestra Nacional de Francia, a Orquestra Filharmonía de Radio France, a Sinfónica de Gotemburgo, a Staatsorchester Filharmonía de Hamburgo, a Filharmonía de Múnic, a Filharmonía de Dresde, a Philharmonia Orchestra, a Sinfónica de Viena, a Filharmonía de Róterdam, a Sinfónica de Sídney, a RSO Wien, a Filharmonía de Hong Kong e a Sinfónica de Toronto. Traballou con directores como Myung-Whun Chung, Andris Nelsons, Esa-Pekka Salonen, Osmo Vänskä, Rafael Payare, Stéphane Denève, Krzysztof Urbanski, Fabien Gabel, Christoph Eschenbach, Santtu-Matias Rouvali, Alain Altinoglu, Kent Nagano, Edo de Waart e Jukka-Pekka Saraste.

PROGRAMA

Alexandre Guilmant (1837-1911)

Sonata para órgano n.º 1 en re menor, op. 42

—Final

Guy Ropartz (1864-1955)

Prélude funèbre

Eugène Gigout (1844-1925)

Dez pezas para órgano

—Scherzo

Louis Vierne (1870-1937)

Sinfonía para órgano n.º 3 en fa sostenido menor, op. 28

—Adagio

Gabriel Pierné (1863-1937)

Tres pezas para órgano, op. 29

—Prélude

—Cantilène

—Scherzando

Charles-Marie Widor (1844-1937)

Symphonie gothique, op. 70

—Andante sostenuto

César Franck (1822-1890)

Coral n.º 3 en la menor

Olivier Latry (1962)

Improvisación

21.11.2025 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.^a DE VIGO

ENRIQUE MARTÍN-LAGUNA

+ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

Organista titular da Catedral de Santa María Magdalena de Getafe e profesor de órgano do Conservatorio Profesional de Música Rafael Frühbeck de Burgos. Completou o Grao Profesional de piano con José Luis Agulló no Conservatorio Profesional de Música Manuel de Falla de Alcorcón. Obtivo o Título de Grao Superior de Órgano estudando con Roberto Fresco no Centro Superior de Ensino Musical Katarina Gurska e o Título de Grao Superior de Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Completou a súa formación realizando un Máster de órgano no Conservatorio Real de Bruxelas con Benoît Mernier. Ampliou a súa formación en órgano, improvisación, clave e clavicordio con profesores como Montserrat Torrent, Andrés Cea, Aline Zylberajch, Sietze de Vries, Olivier Latry, Bernhard Haas, François Espinasse, Ton Koopman, Lorenzo Ghielmi, Pieter Van Dijk, etc. Gañador do primeiro premio ex aequo no III Concurso Nacional de Órgano “Francisco Salinas”. A súa actividade concertística levouno a ofrecer recitais en diversos lugares de España, Bélxica, Francia e Italia.

PROGRAMA

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Fantasia e fuga en do menor, BWV 537

Petr Eben (1929-2007)

Musica Dominicalis

—Moto Ostinato

Percy William Whitlock (1903-1946)

Folk Tune

Tomás Garbizu (1901-1989)

Sequentia

Louis Vierne (1870-1937)

Sinfonía para órgano n.º 1 en re menor, op. 14

—Allegro vivace

—Finale

Francis Poulenc (1899-1963)

Concerto para órgano, cordas e timbais en sol menor, op. 36

—Andante

—Allegro giocoso

—Subito andante moderato

—Tempo allegro. Molto agitato

—Très calme: Lent

—Tempo de l'allegro initial

—Tempo d'introduction: Largo

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

A Orquesta Clásica de Vigo, decana de Galicia, é unha formación de música clásica que aposta pola innovación, os novos formatos e o traballo entre disciplinas, espazos e estilos. Nos 40 anos de historia da entidade, as obras interpretadas superan as 500, sendo isto un exemplo de aposta pola diversidade na música. Nos últimos anos realizou propostas de danza, cinema en directo, bandas sonoras, propostas actuais e obras consagradas. Polos seus aíns pasaron máis de 800 instrumentistas de toda Galicia, con máis de 160 solistas. A Orquesta Clásica de Vigo non entende de estilos ou etiquetas na súa programación, que se entende como unha oportunidade para explorar a riqueza do patrimonio musical e atraer a públicos distintos aos da música clásica tradicional.

MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

Director titular e artístico

Nacido en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquestra co mestre Jacques Bodmer, discípulo do lendario mestre Hermann Scherchen. Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias "Angel-Muñiz Toca" entre 1977 e 1983. Fundador, Solista e Concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. De 1983 a 2023 foi catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Recentemente foi director convidado en cidades como L'Aquila, Viana do Castelo, Trento ou Hamburgo. É o director titular da Orquesta Clásica de Vigo desde a súa creación en 1984.

GALICIA XAMAIŠ ESQUECERÁ A CANTOS COOPEREN Á EVOLUCIÓN DO SEU PROGRESO!

Unha das máximas do 8pés é que coñezamos o instrumento que o fai posible, permitindo así unha aproximación dende múltiples puntos de vista como son a escoita e o patrimonio.

Hoxe queremos traer ao presente un artigo publicado por Martínez Villar no 1 de xuño de 1909, na revista gráfica mensual Vida gallega, que se publicaría en Vigo ata 1938.

No apartado «Crónicas gallego-catalanas», o xornalista recollía as súas primeiras impresións sobre o instrumento que hoxe nos congrega. Baixo o título “A exposición galega: Gran órgano para o salón de festas. O célebre organeiro Lope Alberdi”, neste artigo podemos apreciar varias fotografías de Alberdi e os seus colaboradores, así como o proceso de fabricación.

Agardamos que estas recensións sirvan para comprender a modernidade que supuxo este instrumento: «Galicia xamáis esquecerá a cantos cooperen á evolución do seu progreso!».

«A Exposición [Rexional de Santiago de 1909, onde o órgano estivo temporalmente exposto antes da súa instalación en Vigo] para o seu salón de festas obtivo un elemento tan valioso que seguramente ha de marcar época entre os amantes da música [...]. Nas manifestacións artísticas musicais das grandes festas á moderna non pode faltar o órgano. Moitas familias aristocráticas de Barcelona, seguindo a corrente da época, téñeno instalado nos seus salóns, e a Exposición Galega non ten xa nada que envexar nese aspecto para os seus concertos solemnes.»



El célebre organero D. Lope Alberdi.



El órgano en los talleres Alberdi.

«A divina arte, a arte da música, que ten un amplo campo de inspiración na poesía que Galicia encerra [...], ha de ter tamén sublimes medios para se expresar en marabillosos instrumentos.»

«Nós, que dalgún modo debemos testemuñar a nosa admiración e gratitude ao Sr. Alberdi, publicamos o seu retrato con estas liñas e damos unha idea do órgano nun dos nosos gravados, no que aparecen tamén, de esquerda a dereita, o construtor Sr. Alberdi, o seu fillo D. Antonio, excelente pianista, organista e artífice que axudou na construción do órgano, o Prior da Colexiata de Vigo Sr. Ande e o seu amigo e acompañante Sr. Vidal.»

«O outro gravado desta páxina presenta unha sección dos obradoiros onde se construíu o órgano. Xunto a este departamento está o gran almacén de madeiras de cedro, onde hai existencias que levan máis de vinte anos na casa. No gravado aparece o Sr. Alberdi (x) e á súa dereita o seu fillo D. Antonio.»

«Nos grandes concertos, cando o órgano deixe sentir as súas facultades, non han escatimar os aplausos ao Sr. Alberdi, que ben gañados os ten.»

«Galicia xamáis esquecerá a cantos cooperen á evolución do seu progreso!»



Sección da casa donde se construyó el órgano. —CQ El constructor.

Martínez Villar, J. 1909.

«Crónicas gallego-catalanas», Vida gallega. Ilustración regional, ano 1, n.º 6 (1 de xuño).

8º FESTIVAL DE ÓRGANO DE VIGO és



COLABORAN



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra

COPRODUCEN



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

inaem

INSTITUTO NACIONAL
DE LAS ARTES ESCÉNICAS
Y DE LA MÚSICA



ESPACIO DIVULGACIÓN



PARTNER LOGÍSTICO

Welgood

MEDIA PARTNER

||elómano a Movida
AXENDA CULTURAL go

ORGANIZA

a clásica

Próximo concerto ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

Concerto Extraordinario de Nadal: RAVEL 150

Teatro Afundación de Vigo Martes
30 de decembro ás 20:30h
Entradas en Ataquilla.com

Concerto para piano en sol maior, M.83, de M. Ravel

—Allegramente

—Adagio assai

—Presto

O quebranoces, op. 71a (suite), de P. I. Chaikovski

Solista: Aida Saco Beiroa

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava



a clásica